



RURAL DE GALICIA – 2ª ETAPA

Club de Montaña O Carroucho

8 de Xullo de 2017

Comezamos a ruta na parada de bus do centro da vila de Baltar. Collemos á dereita da marquesiña da parada unha rúa que desemboca nun camiño que rodea por arriba toda a vila e que nos leva subindo cara á pequena igrexa de Cristo Rey en apenas media hora. Na súa contorna atopamos unha ampla zona verde na que se celebra a primeiros de xullo a súa festividade. A capela é bastante moderna, de finais do XIX, reconstruída nos anos 50. Baixamos por un camiño que transcorre por dentro do valo que sinaliza o monte comunal paralelo á estrada. Tomamos logo o camiño a




Comboa entre montes, xunto a un cruce de estradas, collendo o de máis á dereita, próximo ao campo de fútbol quedando á esquerda as antenas, e os outros dous camiños. Este camiño ten unha subida suave. Encontramos un cruce no que collemos á dereita. Pasamos preto dunha canteira abandonada e continuamos o camiño principal todo o tempo. Chegados a este punto, comeza unha baixada gradual, cara a Comboa, ata os últimos dous quilómetros que é bastante pronunciada. O camiño ofrécenos de novo espectaculares vistas da baía de San Simón e Rande. Estamos atentos a un primeiro desvío á esquerda tras dous tramos de baixada en forma de z. Cando temos á vista o meandro do río Verdugo e as marcas amarelas do gasoduto, atoparemos outro desvío da vía principal cara a un camiño mais estreito á nosa esquerda. Este camiño lévanos polo centro de Comboa. Cruzamos a parroquia de Comboa e chegamos á área

Datos Básicos

Comezo: Baltar
Remate: Ponte de Comboa
Distancia lineal: 19 km.
Duración aprox.: 6 horas
Dificultade: Baixa-Media
Altura máxima: 447 m
Altura mínima: 8 m
Acumul.: \uparrow 634 m / \downarrow 1002 m

recreativa da praia fluvial, suxeita ás mareas, polo que se non está alta a zona de baño terá pouca auga. O fondo do río é rochoso e esvaradío, pero pódese baixar facilmente por unhas escaleiras de pedra. Este será o punto onde xantaremos. Avanzamos por un pequeno tramo de asfalto de apenas 100 metros ata a ponte medieval de Comboa. Logo collemos un camiño cómodo e sombreado que percorre a beira do río Verdugo ata a ponte colgante. Percoremos o camiño ata a central eléctrica que teremos que desandar ata a desviación cara á presa. Tras unha breve subida atopamos o colector no que comeza o tubo vertical que alimenta as turbinas. Témonos que desviar do camiño ancho e coller un pequeno sendeiro que arranca moi pegado ó muro da instalación. O camiño da presa vai sobre a canle de captación de auga, é cómodo de percorrer pero ten dúas dificultades nas que é conveniente subir e baixar con coidado. Veremos a contorna da presa e desfaremos o camiño. Poderíamos cruzar a ponte colgante para percorrer outro curto fragmento de río, pero a ponte está moi deteriorada e terémolo que valorar. Voltaremos polo tramo de camiño xunto ao río ata a ponte de Comboa e daremos por finalizado o percorrido.



Próxima cita:

9-10 Setembro
As Ermidas / O Bolo



www.carroucho.org